



Guía Docente

Datos Identificativos					2014/15
Asignatura (*)	Avaliación e diagnóstico dos problemas da linguaxe e a voz en patoloxías específicas			Código	652498019
Titulación	Mestrado Interuniversitario en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías (plan 2012)				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	6	
Idioma	Castelán				
Prerrequisitos					
Departamento					
Coordinación			Correo electrónico		
Profesorado	Duran Bouza, Montserrat Puyuelo Sanclemente, Miguel		Correo electrónico	montserrat.duran.bouza@udc.es miguel@miguelpuyuelo.com	
Web					
Descrición xeral	Os obxectivos que persigue esta materia son: <ul style="list-style-type: none">- Coñecer e conceptualizar a especificidade do diagnóstico da linguaxe nas diferentes patoloxías.- Adquirir unha comprensión global da función e obxectivos e aplicabilidade da avaliación nas diferentes patoloxías.- Coñecer procedementos específicos de avaliación utilizados en función das patoloxías.- Coñecer algúns tipos de software utilizados na avaliación da linguaxe e de forma moi específica na voz.- Bases para a elaboración do programa de tratamento en función da avaliación realizada.- Bases para o seguimento lonxitudinal dos pacientes.- Bases para a investigación.				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A1	Os estudantes saberán aplicar os modelos, técnicas e instrumentos de avaliación empregados na avaliación da linguaxe oral..
A2	Os estudantes poderán levar a cabo a avaliación de trastornos específicos da linguaxe oral, tales como as disartrias, alteracións da linguaxe no envellecemento e trastornos dexenerativos, as alteracións da linguaxe en enfermidades mentais, trastornos do espectro autista, etc.
B3	Os estudantes poderán comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo.
B4	Os estudantes serán capaces de tomar decisións con autonomía e responsabilidade.
C1	Os alumnos/as saberán utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para o aprendizaxe ó longo da súa vida.
C3	Os estudantes valorarán a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación
---	----------------------------



<p>XERAIS DA MATERIA</p> <p>É capaz de recoñecer e discriminar entre a variedade das alteracións: os trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe, trastorno específico da linguaxe, atrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociados a déficit auditivos e visuais, o déficit de atención, os trastornos do espectro autista; os trastornos da fluidez do fala; as disartrias; as disfonías; as alteracións da linguaxe no envellecemento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo selectivo e as inhibicións da linguaxe.</p> <p>Pode describir cales son os fundamentos do proceso de avaliación e diagnóstico.</p> <p>É capaz de aplicar os modelos, técnicas e instrumentos de avaliación empregados nas alteracións específicas da linguaxe e a comunicación.</p> <p>É capaz de realizar unha avaliación das alteracións da linguaxe nos trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe: trastorno específico da linguaxe, atrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociados a déficit auditivos e visuais, o déficit de atención; os trastornos do espectro autista; os trastornos da fluidez do fala; as disartrias; as disfonías; as alteracións da linguaxe no envellecemento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo selectivo e as inhibicións da linguaxe.</p> <p>É capaz de redactar un informe de avaliación correcto e adaptado ao seu destinatario.</p> <p>É capaz de realizar unha avaliación tras un proceso de intervención.</p> <p>É capaz de seleccionar e aplicar recursos das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións relacionados coa avaliación da linguaxe oral.</p> <p>É capaz de deseñar instrumentos de recollida de información en programas de intervención en linguaxe e comunicación.</p>	<p>AP1 AP2</p>	<p>BP3 BP4</p>	<p>CP1 CP3</p>
--	--------------------	--------------------	--------------------

Contidos	
Temas	Subtemas
PRIMEIRO MÓDULO: Avaliación e diagnóstico dos problemas da linguaxe.	<ul style="list-style-type: none"> . En función do compoñente da linguaxe alterada. . Atrasos da linguaxe. . Trastorno específico da linguaxe. . Deficiencia mental. . Síndromes infantís con ou sen alteracións cognitivas. . Hipoacusias. . Afasias. . Traumatismos cranioencefálicos.
SEGUNDO MÓDULO: Psicopatoloxía	<ul style="list-style-type: none"> . Consideracións sobre a avaliación da linguaxe en Esquizofrenia. . Problemas conductuales. . Medio socio cultural desfavorecido. . Maltrato infantil. . Trastornos xeneralizados do desenvolvemento.
TERCEIRO MÓDULO: Voz	<ul style="list-style-type: none"> . Diagnóstico das disfonías infantís. . Diagnóstico das disfonías en adultos, historia e exploración funcional. . Diagnóstico dos problemas de voz en enfermidades de orixe neurolóxica.
CUARTO MÓDULO: Software	<ul style="list-style-type: none"> . Software para o diagnóstico e o informe de linguaxe. . Software para o diagnóstico da voz normal e a patolóxica, . Sistema Multi- Speech, revisión dos diferentes módulos do programa e aplicación ao estudo da voz normal, disfonías, outras patoloxías da voz.

Planificación



Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	12	0	12
Lecturas	12	24	36
Portafolios do alumno	1	17	18
Obradoiro	18	54	72
Traballos tutelados	1	2	3
Proba obxectiva	1	5	6
Atención personalizada	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Esquema xeral dunha sesión de tres horas tipo: Sección teórica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. por parte do profesor/a, 2. - Lectura comentada dun texto seleccionado (30 mins), 3. - Contestación individual a un cuestionario. Sección práctica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. a cargo do profesor/a, 2. - Cuestionario en grupo sobre a presentación (30 minutos), 3. - Exposición e discusión sobre as respostas de cada grupo
Lecturas	Cada sesión de clase de tres horas contén un tempo dedicado á lectura comentada dun texto relacionado coa exposición do profesor. A duración prevista será duns 30 minutos por sesión de tres horas.
Portafolios do alumno	En cada sesión de clase o estudante deberá contestar a un cuestionario individual sobre a lectura realizada e un en grupo relacionado cos casos analizados ou as prácticas realizadas. Estes cuestionarios, ademais das presentacións power point correspondentes a cada clase deberá ser incluído no seu portafolios. Nel recollerán igualmente cantos comentarios, reflexións ou actividades realícense durante o curso.
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.
Traballos tutelados	Os estudantes non realizarán por cuadrimestre máis dun traballo tutelado. Este computará en todas as materias nas que estea matriculado posto que deberá contemplar as diferentes dimensións tratadas nelas. Todos os profesores/ás implicados actuarán como tutores, se ben será o coordinador da titulación quen lle asigne un tutor responsable. A relación de estudantes e tutores responsables comunicarase a todo o profesorado. Finalizado o traballo todos os tutores farán unha valoración (previamente protocolizada para simplificala) que remitirán ao tutor responsable quen cualificará o traballo. Dado que en segundo cuadrimestre se acumulan materias, practicum e traballo fin de máster, os estudantes, coa orientación do seu tutor e o acordo dos seus profesores poderán abordar un mesmo tema con tres perspectivas. Unha académica para responder á adquisición das competencias fixadas nas materias do plan de estudos. Outra profesional, para responder aos obxectivos do practicum. Unha última investigadora, onde a través da presentación dun proxecto de investigación poderán cumprir os obxectivos do traballo fin de máster. Pódese considerar, polo tanto, como un traballo único con tres partes e tres tutores diferentes. Cada un recibirá o traballo completo, se ben cualificará a súa parte dando lugar a tres cualificacións independentes. O traballo deberá estar formalmente dividido en tres partes independentes, posto que a parte académica debe ser valorada tamén polo profesorado do segundo cuadrimestre
Proba obxectiva	A través dunha proba obxectiva valorarase a asimilación de contidos, tanto de coñecemento teórico como práctico

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral		10



Lecturas		10
Portafolios do alumno		40
Obradoiro		20
Proba obxectiva		20

Observacións avaliación

A avaliación será continua e incluírá unha valoración cuantitativa do rendemento de cada estudante en cada actividade realizada (incluídas as probas de exame que se poidan programar). Estas actividades serán recollidas polos estudantes nun portafolios por materia. Nel os estudantes recollerán todos os esquemas, presentacións, traballos realizados, lecturas, prácticas, cuestionarios contestados, etc. Este portafolios estará dispoñible sempre que o profesorado queira supervisalo e, en todo caso, será entregado ao finalizar as clases presenciais da materia para a súa supervisión e cualificación. Cada profesor avaliará as actividades realizadas, segundo as metodoloxías docentes empregadas, en os créditos que teñen asignados. A cualificación na materia será o resultado da media das cualificacións dos profesores que a imparten. A cualificación de cada profesor será ponderada segundo o número de créditos que imparte. No caso de utilizar probas puntuais de exame (proba obxectiva, preguntas tipo tema, etc.) a súa cualificación considerárase como parte do portafolios da materia, sen que o seu peso poida superar o 50% da nota total asignada ao portafolios. O resto da cualificación virá determinada polos criterios seguintes: Asistencia a clase (por enriba do 80%): 10% Realización de lecturas e traballos tutelados: 30% Nivel de rendemento madurez demostrada en actividades prácticas e tutorías: 10%

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías